

## 2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

### INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números E1 e E110, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.  
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



1. Un dos métodos máis citados na bibliografía especializada é o Standard Shiftwork Index ( SSI), desenvolto por Folkard e col. Consiste nunha batería de cuestionarios autoadministrados que contemplan as variables máis significativas na investigación das quendas e serve de exemplo da complexidade que comporta o estudo das consecuencias do traballo a quendas debido á cantidade de variables que hai que considerar. As técnicas usadas na aplicación deste método son todas as seguintes EXCEPTO unha:

- A) Test de Goldberg.
- B) Escala Likert.
- C) Cuestionario CSAQ (Schwartz).
- D) Test de Schirmer.

2. Cando ao persoal que preste servizos en centros sanitarios que, no exercicio da súa profesión, durante a prestación de servizos sanitarios, contraese o virus SARS-CoV-2, sinala a resposta correcta en relación ás prestacións que lle corresponden:

- A) Sempre a de enfermidade común.
- B) Enfermidade común con prestación de accidente de traballo segundo o Real Decreto 1299/2006, do 10 de novembro.
- C) Conforme o Real Decreto 8/2015, do 30 de outubro, non ten consideración de accidente de traballo por ser debidos a forza maior estraña ao traballo.
- D) Se cumpre os requisitos establecidos no artigo 6 da Real Decreto-lei 3/2021, do 2 de febreiro, terá as mesmas prestacións que o sistema da Seguridade Social outorga ás persoas que se ven afectadas por unha enfermidade profesional.

3. Cal dos seguintes factores de risco da manipulación manual de cargas NON é un factor individual intrínseco?

- A) Sexo.
- B) Sobrepeso.
- C) Falta de aptitude física.
- D) Patoloxía dorsolumbar previa.

4. Cando o signo de Steiman é positivo, é indicativo de lesión en:

- A) Ligamento cruzado anterior.
- B) Meniscos.
- C) Ligamento lateral interno do xeonllo.
- D) Tendón rotuliano.

5. Marque a opción INCORRECTA:

- A) Os traballadores con asplenia teñen un maior risco individual de enfermidade meningocócica invasora.
- B) As vacinas antipneumocócicas VNC13 e VNP23 están contraindicadas en persoas con tratamento inmunosupresor.
- C) As vacinas antipneumocócicas VNC13 e VNP23 están indicadas en pacientes con implante coclear.
- D) A vacina fronte ao meningococo MenB e MenACWY están indicadas en persoal de laboratorio exposto a meningococo.

6. Cal dos seguintes síntomas ou signos clínicos NON é suxectivo de compromiso do plexo braquial?

- A) Fenómeno de Raynaud en mans.
- B) Perda de forza en interóseos.
- C) Parestesias, dor ou insensibilidade na zona cubital de antebrazo e man.
- D) Torpeza para movementos finos dos dedos durante o traballo.

7. A mostraxe de contaminantes biolóxicos non debe ser considerada prioritaria á hora de avaliar problemas relacionados coa calidade do aire interior, EXCEPTO:

- A) Sexa esixible legalmente.
- B) Presenza de mofo visible.
- C) Que exista unha patolo-xía diagnosticada médicamente que estea asociada a un microorganismo concreto.
- D) Son certas A e C.

8. Cal das seguintes responsabilidades é competencia dos Comités de Seguridade e Saúde da área?

- A) Comunicar os riscos detectados e propoñer medidas de prevención.
- B) Participar na avaliación de riscos e propoñer as medidas preventivas máis eficaces.
- C) Coñecer e difundir a política de prevención do Sergas e favorecer a execución do Plan Xeral de Prevención de Riscos Laborais.
- D) Executar os programas de acción que se establezan nos plans anuais.

9. O desprazamento vertical ideal dunha carga é de ata 25 cm; sendo aceptables os desprazamentos realizados:

- A) Por encima dos ombreiros sempre que sexa menor de 25 Kg.
- B) Desde a cintura ata media cabeza.
- C) En posición sentado, desde os ombreiros ata os xeonllos.
- D) Entre os ombreiros e a media perna.

10. De acordo co recollido na terceira edición da "Guía de axuda para a valoración do risco laboral durante o embarazo" editada polo Instituto Nacional da Seguridade Social, sobre as radiacións non ionizantes, cal das seguintes respostas é FALSA?:

- A) Cos equipos de diatermia, a traballadora xestante poderá aplicar a terapia propiamente dita.
- B) A utilización de TENS, magnetoterapia ou láser, non xera riscos cun uso axustado ás normas e medidas preventivas.
- C) Os instrumentos de microondas son de emisión direccional polo que unha boa medida é enfocalos cara a zonas non ocupadas.
- D) Non será necesario separar do posto de traballo ás embarazadas nas instalacións de resonancia magnética nuclear.

**11. No Estatuto dos Traballadores, defínese o traballo a quendas cando:**

- A) Implica unha xornada laboral de oito horas, cunha pausa para a comida; e que adoita oscilar entre as 7-9 horas e as 18-19 horas.
- B) Toda forma de organización do traballo en equipo segundo a cal os traballadores ocupan sucesivamente os mesmos postos de traballo, segundo un certo ritmo, continuo ou discontinuo, implicando para o traballador a necesidade de prestar o seu servizo en horas diferentes nun período determinado de días ou de semanas.
- C) Invístense non menos de tres horas da xornada laboral nun horario de traballo diario entre as 7-9 horas e as 18-19 horas.
- D) A xornada laboral ten lugar entre as 10 da noite e as 6 da mañá.

**12. En que artigo da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, se establecen os principios da protección da maternidade por motivos de exposición a riscos no traballo?:**

- A) Artigo 15.
- B) Artigo 26.
- C) Artigo 32.
- D) Artigo 40.

**13. Sinale a afirmación FALSA para un suceso estocástico, producido por exposición a radiacións ionizantes de traballadores clasificados de categoría A.**

- A) Carecen de nivel limiar.
- B) Caracterízanse por unha relación dose/efecto de natureza probabilística.
- C) A gravidade depende da dose recibida.
- D) Poden orixinar efectos somáticos ou hereditarios.

**14. Segundo o Real Decreto 783/2001, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes, no seu artigo 12 di: na exposición especialmente autorizada teranse en conta as seguintes condicións:**

- A) A superación dos límites de doses como resultado de exposicións especialmente autorizadas constituirá motivo para excluír ao traballador das súas ocupacións habituais ou cambialo de posto sen o seu consentimento.
- B) O titular da práctica deberá elixir ao persoal que se vai a ver exposto.
- C) A participación dos devanditos traballadores, elixidos, terá o carácter obrigatorio.
- D) Só serán admitidos traballadores pertencentes á categoría A.

**15. De acordo co recollido na "Estratexia de detección precoz, vixilancia e control de COVID-19" do Ministerio de Sanidade e actualizada a 26 de febreiro de 2021. Cal das seguintes respostas é correcta, con respecto ás diferentes técnicas de diagnóstico do SARS- CoV-2:**

- A) A sensibilidade da RT-PCR en exudado nasofarínxeo estímase que oscila entre o 40 e 50%.
- B) A especificidade da RT-PCR en exudado nasofarínxeo é moi elevada, por encima do 99,5%.
- C) A sensibilidade da RT-PCR en saliva non depende da carga viral.
- D) Na RT-PCR en saliva non se pode aplicar a técnica de pooling.

16. Cal é a pauta de actuación para a profilaxe de tétano en ferida limpa producida por un bisturí utilizado para retirar puntos de sutura, hai menos de 30 minutos e nunha traballadora con máis de 5 dose de Td?:

- A) Administrar inmunoglobulina (IgI) por ser unha ferida potencialmente tetanixena.
- B) Non precisa profilaxe antitetánica.
- C) Se hai máis de 10 anos desde a última dose, administrar unha dose de vacina Td.
- D) Se hai máis de 5 anos desde a última dose, administrar unha dose de vacina Td.

17. Un grupo dentro do campo da medicina, con alto risco de desenvolvemento de cataratas, son os traballadores de cardioloxía intervencionista, que tipo de catarata é a que máis frecuentemente asóciase a este tipo de traballadores?

- A) Catarata subcapsular posterior.
- B) Catarata central.
- C) Catarata nuclear.
- D) Catarata Cortical.

18. Sinale a resposta correcta con respecto á vacinación fronte ao virus SARS-CoV-2:

- A) Non se vacinará se, no momento da administración, a persoa ten sintomatoloxía compatible con Covid-19. Deberase pospoñer ata descartar infección activa.
- B) O presentar síntomas prolongados de Covid-19 supón unha contraindicación absoluta para a vacinación.
- C) Nos vacinados con inmunidade preexistente por infección por SARS-CoV-2 observouse que experimentan efectos adversos cunha frecuencia significativamente inferior aos susceptibles.
- D) Débese realizar test diagnóstico serolóxico para valorar a pertinencia de diferir a recepción da primeira dose de vacina en traballadores sanitarios con enfermidade Covid-19 previa.

19. De acordo co recollido na "Estratexia de detección precoz, vixilancia e control de COVID-19" do Ministerio de Sanidade e actualizada a 26 de febreiro de 2021, o persoal non sanitario que resulte caso confirmado e non requira ingreso hospitalario, poderase reincorporar ao seu posto de traballo tras 10 días do inicio dos síntomas sempre que permaneza sen síntomas respiratorios nin febre polo menos durante:

- A) 12 horas.
- B) 1 día.
- C) 2 días.
- D) 3 días.

20. Cal destes parámetros úsase para o cálculo dun peso aceptable para o traballador?:

- A) Frecuencia respiratoria.
- B) Frecuencia de adherencia.
- C) Peso real da carga.
- D) Dimensións da carga.

21. Nas persoas expostas a posturas forzadas con nivel de risco 2, o exame específico periódico de valoración do sistema osteomuscular, deberá de realizarse cunha periodicidade de:

- A) Cada ano.
- B) Cada 2 anos.
- C) Medidas correctoras.
- D) Cada 3 anos.

22. Cal dos seguintes riscos do estrés NON está relacionado co traballo?

- A) Cultura organizativa.
- B) Desenvolvemento profesional.
- C) Rol na organización.
- D) Competitividade.

23. Unha maneira sinxela de explorar o abdutor curto do polgar é:

- A) Manobra de Phalen.
- B) Signo da botella.
- C) Signo de Tinel.
- D) Manobra de Allen.

24. Na terceira edición da "Guía de axuda para a valoración do risco laboral durante o embarazo" editada polo Instituto Nacional da Seguridade Social indícase que, tan pronto como unha muller embarazada comunique o seu estado ao titular da práctica, a protección do feto deberá ser comparable á dos membros do público, de maneira que as condicións de traballo serán tales que a dose equivalente ao feto sexa tan baixa como sexa razoablemente posible, de forma que sexa improbable que a dose recibida polo feto exceda de 1 mSv, polo menos desde a comunicación do seu estado ata o final do embarazo. Dita dose de 1 mSv é comparable a un límite de doses no abdome da embarazada de:

- A) 1 mSv.
- B) 2 mSv.
- C) 5 mSv.
- D) 10 mSv.

25. Segundo o artigo 44 do Real Decreto 783/2001, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes, durante canto tempo considérase obrigatorio gardar os historiais dosimétricos dos traballadores de categoría B expostos a radiacións ionizantes?:

- A) Durante un período superior a trinta anos.
- B) Ata que o traballador alcanzase os 75 anos de idade.
- C) Durante o tempo que o titular da práctica considéreo oportuno.
- D) Non se especifica neste artigo.

26. Cal das seguintes responsabilidades NON corresponde ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Sergas?

- A) Establecer un sistema de auditoría como instrumento de control da xestión da prevención de riscos.
- B) Participar na implantación dunha cultura preventiva positiva.
- C) Planificar, coordinar, executar, actualizar e avaliar o Plan Xeral de Prevención de Riscos Laborais.
- D) Asesorar e fornecer apoio técnico á dirección e traballadores, en materia de prevención de riscos laborais.

27. De acordo cos criterios de valoración incluídos no protocolo de vixilancia sanitaria específica para os/as traballadores/as expostos/as a axentes citostáticos, o persoal que traballa regularmente con citostáticos NON debe ser exposto a radiacións ionizantes que excedan os:

- A) 6 mSv por ano.
- B) 10 mSv por ano.
- C) 15 mSv por ano.
- D) 20 mSv por ano.

28. Segundo a terceira edición da "Guía de axuda para a valoración do risco laboral durante o embarazo" editada polo Instituto Nacional da Seguridade Social, no caso das agresións físicas, considérase demostrada a posibilidade do suceso nas profesións de nivel I, retirándose á traballadora xestante desde a:

- A) Semana 8 de xestación.
- B) Semana 12 de xestación.
- C) Semana 18 de xestación.
- D) Semana 24 de xestación.

29. O transporte de cargas suspendidas por cinchas que apoian sobre o ombreiro, pode producir lesións en:

- A) Nervio mediano.
- B) Nervio cubital.
- C) Nervio radial.
- D) Plexo braquial.

30. Cal das seguintes funcións corresponde ás unidades periféricas de prevención de riscos laborais do Sergas?

- A) A planificación en materia de prevención de riscos; a coordinación e asesoramento das unidades de prevención de riscos laborais dependentes das institucións sanitarias; asesoramento aos Servizos Centrais do Servizo Galego de Saúde, en materias relacionadas coa prevención de riscos laborais e na mellora do clima laboral.
- B) O estudo, seguimento e control da execución dos plans aprobados en materia de prevención e a implantación do sistema de xestión da prevención de riscos laborais.
- C) A xestión dos sistemas de información e seguimento da calidade da información en materia de prevención.
- D) A planificación da actividade preventiva e a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas e a vixilancia da súa eficacia.

31. O ruído pode producir efectos sobre a reprodución, o desenvolvemento fetal ou a audición do feto. Cal destas afirmacións é certa?

- A) En pacientes con eclampsia ou pre-eclampsia sempre hai un antecedente de exposición ao ruído maior do permitido.
- B) Admítense danos para o oído fetal a partir da semana 12 naqueles traballos con intensidade de ruído de 80 decibeis.
- C) Non se consideran niveis excesivos de ruído para o feto sempre e cando se utilicen os EPIS adecuados.
- D) En condicións de ruído excesivo (máis de 80 dB) débese retirar á muller embarazada a partir da semana 20 ó 22.

32. Que signo é moi útil na simulación de dor no traxecto do nervio ciático?

- A) Signo de Valsalva.
- B) Signo de Lasègue.
- C) Síndrome de Baastdrup.
- D) Signo de Lasègue invertido.

33. Cal das seguintes opcións é FALSA, con respecto ás características mínimas que debe reunir a área de preparación de medicamentos citostáticos?:

- A) Área ou zona illada fisicamente do resto do servizo.
- B) Con recirculación de aire.
- C) Habitación separada con presión negativa.
- D) Campá de fluxo laminar vertical.

34. Estarán exentos de asistir á información e formación preventiva continua nunha empresa:

- A) Técnicos e directivos.
- B) Delegados sindicais.
- C) Mandos intermedios.
- D) Ninguno dos anteriores.

35. Marque a opción incorrecta no risco de transmisión de VIH, VHC e VHB nunha exposición percutánea a sangue en persoal sanitario:

- A) Para o VIH, en estudos prospectivos estimouse o risco medio de transmisión nun 0,3% (IC 95%: 0,2%–0,5%).
- B) A incidencia media de seroconversión cunha fonte positiva ao VHC é do 1,8% (rango: 0%–7%).
- C) Para o VHB, o risco de transmisión é polo menos do 30% se a paciente fonte é Ag HBs positivo con Ag HBe positivo.
- D) O risco de transmisión para o VHB cando a paciente fonte é Ag HBe negativo é maior do 20%.

36. Dos seguintes postos de traballo, en cal deles é máis frecuente a aparición dun acne ocupacional?

- A) Traballador de cociña.
- B) Técnico de laboratorio.
- C) Técnico de raios.
- D) Limpiadora.

37. Segundo o protocolo de vixilancia sanitaria específica dos/as traballadores/as expostos/ as a axentes citostáticos, con respecto aos criterios de aptitude dos/as traballadores/as, serían motivo de NON APTO PERMANENTE os seguintes supostos, EXCEPTO:

- A) Inmunodeprimidos.
- B) Persoal que previamente recibira tratamentos citostáticos ou inmunosupresores.
- C) Mulleres que comuniquen situación de embarazo e/ou lactación natural.
- D) Mulleres con historia de abortos en idade fértil e con vontade de reprodución.

38. De acordo coa metodoloxía para a avaliación de riscos laborais en centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, se as consecuencias dun risco son extremadamente daniñas e a probabilidade do risco é baixa, a estimación do risco será:

- A) Risco tolerable.
- B) Risco moderado.
- C) Risco importante.
- D) Risco intolerable.

**39. No Estudo convencional de Contactos (ECC) que se realiza cando se diagnostica unha tuberculose pulmonar, sinala a opción INCORRECTA:**

- A) Sempre se considera a proba da tuberculina (PT) positiva se é maior ou igual a 5 mm, a non ser que o contacto sufra algunha forma de inmunosupresión, en cuxo caso será positiva con calquera medida.
- B) Sempre se considerará e valorará o efecto booster na proba da tuberculina (PT).
- C) Non se realizará a proba da tuberculina (PT) a contactos con probas positivas anteriores ou con antecedentes de enfermidade tuberculosa previa, realizando directamente a radiografía de tórax.
- D) Realizarase un test IGRA en persoas que recibiron vacinación BCG ou en persoas con inmunosupresión.

**40. Na profilaxe postexposición do persoal sanitario que foi contacto estreito e directo dun caso de tose ferina, sinala que opción é a correcta:**

- A) A terapia con macrólidos indícase co fin de eliminar portadores asintomáticos.
- B) Se non realizan o tratamento deben ser vixiados durante 5 días tras a exposición.
- C) Se realizan o tratamento non precisan ser excluídos do traballo, aínda que presenten síntomas.
- D) Se non realizan o tratamento deben ser excluídos 10 días desde o inicio da tose.

**41. Cal das seguintes características reduce o risco de enfermidade coronaria?**

- A) Incrementar o control sobre o traballo ao longo do tempo.
- B) Escaso control do traballo.
- C) Desequilibrio esforzo-recompensa.
- D) Tensión laboral.

**42. Segundo a Orde TES/1180/2020, do 4 de decembro, pola que se adapta en función do progreso técnico o Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, o coronavirus da síndrome respiratoria aguda grave 2 (SARS- CoV-2) inclúese no ANEXO II (Clasificación dos axentes biolóxicos) do devandito Real decreto 664/1997 en:**

- A) O grupo 1.
- B) O grupo 2.
- C) O grupo 3.
- D) O grupo 4.

**43. Sinala a opción correcta en relación ao accidente de traballo ( AT):**

- A) Non ten consideración de AT o accidente que sufra o traballador ao ir ou ao volver do lugar de traballo.
- B) Non ten consideración de AT o accidente sufrido polo traballador ao ir ou volver do lugar onde exercite as funcións propias de cargo electivo de carácter sindical.
- C) Os accidentes acaecidos en actos de salvamento sempre se consideran accidentes de traballo, aínda que non teñan relación algunha co traballo.
- D) Non impedirán a cualificación de AT a concorrencia de culpabilidade civil ou criminal do empresario, salvo que non garde relación algunha co traballo.

**44. Cal das seguintes vacinas NON está recomendada para todo o persoal sanitario?:**

- A) Enfermidade meningocócica invasora (EMI).
- B) Tétanos e difteria (Td).
- C) Gripe.
- D) Hepatite B.

45. Cal das seguintes respostas NON é unha causa de baixa cobertura de vacinación fronte á gripe en profesionais sanitarios?:

- A) Incompatibilidade coa administración doutras vacinas propias do persoal sanitario.
- B) Baixa percepción do risco para enfermarse de gripe.
- C) O temor ás reaccións adversas.
- D) Dúvidas sobre a eficacia/efectividade.

46. De acordo co recollido no "Anexo III: Guía de actuación para a xestión da vulnerabilidade e o risco no ámbito sanitario e sociosanitario", da edición do 15 de febreiro de 2021 do "Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2" do Ministerio de Sanidade, a entrada en zonas COVID con asistencia directa a pacientes ou intervención directa con casos sospeitosos ou confirmados, con EPI adecuado e sen manter a distancia de seguridade, incluída a mobilización de pacientes e aseo, correspóndese con:

- A) Nivel de risco 1.
- B) Nivel de risco 2.
- C) Nivel de risco 3.
- D) Nivel de risco 4.

47. Un traballador usuario de pantalla de visualización de datos (PVD) que presenta un glaucoma de tensión normal (GTN9) debe ser declarado:

- A) Non apto.
- B) Apto con limitacións permanentes para o uso do PVD.
- C) Apto.
- D) Apto con limitacións temporais para a exposición a ambientes luminosos.

48. Cal dos seguintes signos é positivo no caso da enfermidade De Quervain ou tenosinovite estenosante?

- A) Signo de Bragard.
- B) Signo de Tinel.
- C) Signo de Adson.
- D) Signo de Finkelstein.

49. De acordo cos criterios de valoración incluídos no protocolo de vixilancia sanitaria específica para os/as traballadores/as expostos/as a axentes anestésicos inhalatorios, poderíase considerar NON APTO TEMPORAL ao traballador/a que presente un déficit de:

- A) Vitamina A.
- B) Vitamina C.
- C) Vitamina D.
- D) Ácido fólico.

50. En relación á infección tuberculosa latente (ITL) sinala a resposta correcta:

- A) Máis do 50% de persoas con infección tuberculosa latente desenvolverán a enfermidade activa ao longo da súa vida.
- B) O estado inmunitario é o factor máis importante no risco de progresión de ITL a enfermidade activa.
- C) Os nenos menores de 5 anos, se se infectan, teñen menos risco de progresión de desenvolver enfermidade activa.
- D) As persoas con ITL nunca desenvolverán a enfermidade activa ao longo da súa vida.

51. En caso de risco de irradiación externa, en traballadores expostos de categoría B, unha das medidas correctoras é:

- A) Limitar o tempo de exposición.
- B) Uso de E.P.I.S.
- C) Procedemento de descontaminación.
- D) Diminuír a distancia entre a fonte e o traballador.

52. Sinale a opción correcta sobre as vacinas:

- A) O uso de corticoides en aerosol, como inhaladores para a asma, son unha contraindicación para a vacinación.
- B) Os antecedentes de trombocitopenia ou púrpura trombocitopénica non supoñen unha precaución para a vacina tripla vírica (TV).
- C) O ensaio de liberación de interferón gamma (IGRA) non está afectado polas vacinas vivas.
- D) As vacinas inactivadas pódense administrar ao mesmo tempo ou en calquera momento antes ou despois dunha vacina viva.

53. A síndrome da canle de Guyon prodúcese ao comprimirse o nervio:

- A) Mediano.
- B) Cubital.
- C) Radial.
- D) Ningún dos anteriores.

54. En referencia á monitorización biolóxica dos traballadores expostos a axentes anestésicos inhalatorios, no protocolo de vixilancia sanitaria específica para os/as traballadores/as expostos/as a ditos axentes, propuxéronse tres indicadores para o halotano. Cal dos seguintes NON se propuxo como tal indicador?:

- A) Halotano en ouriños.
- B) Halotano en aire alveolar.
- C) Ácido trifluoroacético en sangue.
- D) Hexafluoroisopropano en ouriños.

55. Os apoios prolongados ou repetidos sobre superficies duras ou arestas, da cabeza do peroné, poden producir lesións no:

- A) Nervio tibial posterior.
- B) Nervio tibial anterior.
- C) Nervio ciático poplíteo externo.
- D) Metatarsalxia de Morton.

56. Cal das seguintes actuacións NON corresponde ás precaucións universais?:

- A) Todo o persoal que desenvolva as súas tarefas no medio sanitario, con contacto directo ou indirecto con sangue ou outros fluídos de pacientes, debe vacinarse fronte á Hepatite B.
- B) O lavado de mans efectuarase antes e despois de atender a cada paciente, aínda que se utilizaran luvas.
- C) Os obxectos punzantes refugaranse en contedores que deben estar situados, por seguridade, fóra do lugar de traballo.
- D) As agullas unha vez usadas non deben ser reencapuchadas.

57. Para previr unha dermatose laboral é importante:

- A) Identificar ao causante.
- B) Automatización dos procesos.
- C) Equipos de protección.
- D) Todas as anteriores.

58. Sinale a actuación na profilaxe postexposición fronte ao virus da hepatite B (VHB) cando a fonte é AgHBS positivo e o traballador accidentado está correctamente vacinado e é respondedor:

- A) Non se precisa ningunha medida.
- B) Administrar dúas dose de inmunoglobulina antihepatitis B (IgHB) separadas por un mes.
- C) Administrar unha dose de inmunoglobulina antihepatitis B (IgHB) e iniciar revacunación.
- D) Administrar unha dose de vacina da hepatite B e realizar titulación de antiHBs nun mes.

59. En feridas cutáneas (puncións, cortes), cal das seguintes opcións NON se recomenda:

- A) Lavado con auga e xabón.
- B) Deixar fluír o sangue.
- C) Desinfectar a ferida cun antiséptico (povidona iodada, gluconato de clorhexidina).
- D) Recoméndase "espremer", porque induce hiperemia, que está demostrado diminúe o risco de adquirir a infección.

60. Marque a resposta correcta en relación á lactación materna:

- A) Non se pode administrar a vacina do pneumococo.
- B) As mulleres que reciban a vacina tripla vírica e varicela deberán evitar o embarazo no mes seguinte a cada dose.
- C) A vacina da varicela provoca a enfermidade no lactante.
- D) Está contraindicada a vacina do meningococo.

61. Que proba ou probas estarían indicadas, nunha dermatite de contacto por alérxeno, para o seu diagnóstico?:

- A) PRICK-test.
- B) Determinación de IgE.
- C) Probas epicutáneas.
- D) Test de Koebner.

62. Os efectos negativos do traballo a quendas sobre a saúde das persoas danse principalmente por:

- A) Alteración do ritmo circadiano, que é irrecuperable.
- B) Non ten efectos negativos.
- C) Obesidade.
- D) Alteración dos hábitos alimentarios; e máis a longo prazo, en alteracións máis graves, que poden ser gastrointestinais, neuropsíquicas e cardiovasculares.

63. Segundo a terceira edición da "Guía de axuda para a valoración do risco laboral durante o embarazo" editada polo Instituto Nacional da Seguridade Social, considerárase risco de exposición para as traballadoras non inmunizadas contra o vírus da rubéola que traballen en determinados servizos sanitarios. Cal dos seguintes servizos NON está incluído no devandito risco de exposición?:

- A) Asistencia Primaria.
- B) Pediatría.
- C) Unidade de transplantes.
- D) Reanimación.

64. Segundo a terceira edición da "Guía de axuda para a valoración do risco laboral durante o embarazo" editada polo Instituto Nacional da Seguridade Social, a traballadora xestante pode seguir desenvolvendo o seu traballo habitual nunha das seguintes situacións:

- A) Utilizar equipos de raios X móbiles de grafía.
- B) Utilizar equipos cirúrxicos de escopia.
- C) Utilizar equipos de densitometría ósea.
- D) Traballar en salas con radioloxía intervencionista (hemodinámica).

65. Cal dos seguintes axentes anestésicos inhalatorios produce diminución da síntese de timidina en exposicións subagudas ou crónicas en humanos?:

- A) Sevofluorano.
- B) Óxido nítrico.
- C) Halotano.
- D) Isofluorano.

66. Cal é a opción FALSA, con respecto ás características e normas mínimas dos equipos de protección individual para a manipulación de medicamentos perigosos, segundo o Documento Técnico do Instituto de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT): "Medicamentos Perigosos. Medidas de prevención para a súa preparación e administración"?:

- A) Bata: con abertura traseira, puños elásticos e impermeable en zona dianteira e mangas.
- B) Protección respiratoria: máscara autofiltrante tipo FFP3.
- C) Protección ocular: lentes de montura integral panorámica.
- D) Dobre luva: sempre se deberán utilizar dous pares de luvas.

67. Segundo o artigo 6 da Real Decreto-lei 3/2021, para que o persoal sanitario infectado polo virus SARS-CoV-2 no exercicio da súa profesión, durante a prestación de servizos sanitarios, teña as mesmas prestacións dunha enfermidade profesional requírese por parte dos servizos de prevención de riscos laborais:

- A) Un informe de vixilancia da saúde previo á exposición ao virus.
- B) Unha enquisa de autovaloración das condicións de traballo.
- C) Un informe onde se faga constar que no exercicio da súa profesión estivo exposto ao virus SARS-CoV-2 pola prestación de servizos sanitarios.
- D) Un informe de valoración da adecuación das medidas preventivas adoptadas no posto fronte á infección polo virus SARS-CoV-2.

68. Nas epicondilites e epitrocleítes a lesión prodúcese por alteración en:

- A) Nervios.
- B) Músculos.
- C) Tendóns.
- D) Ósos.

69. Durante canto tempo debe conservarse o historial médico dunha traballadora exposta a óxido de etileno, despois de terminada a exposición?

- A) 10 anos.
- B) 20 anos.
- C) 30 anos.
- D) 40 anos.

70. Un dos seguintes efectos NON se inclúe dentro das accións tóxicas producidas polos medicamentos citostáticos:

- A) Cardiotóxica.
- B) Ototóxica.
- C) Nefrotóxica.
- D) Hepatotóxica.

71. Ante a sospeita dunha dermatite de contacto por alérxeno de orixe ocupacional, debemos ter en conta:

- A) Idade do paciente.
- B) Probas intradérmicas positivas.
- C) Presenza de dermatite atópica.
- D) Relación temporal entre exposición e aparición das lesións.

72. Nunha intervención sobre a tensión na empresa, son máis recomendables:

- A) As medidas de carácter global, organizativas e colectivas.
- B) As medidas particulares sobre cada individuo.
- C) Dotar aos individuos de estratexias de adaptación.
- D) A formación sobre o funcionamento interno.

73. A tuberculose cutánea é máis frecuente en:

- A) Celador de asistencia directa ao enfermo.
- B) Persoal sanitario.
- C) Manipuladores de alimentos.
- D) Pinches de cociña.

74. Segundo a OMS as características comúns, na construción dun edificio enfermo, son todas MENOS:

- A) Sistema de ventilación forzada.
- B) Construcións custosas.
- C) Practicar o aforro enerxético.
- D) Usar intercambiador da calor.

75. En relación á vacina de ARNm fronte ao Covid-19 sinala a resposta correcta:

- A) Durante a lactación materna está totalmente contraindicada a administración desta vacina.
- B) Non está contraindicada en persoas que reciban máis de 20 mg de prednisona ou equivalente durante 14 ou máis días.
- C) Contraindicada en pacientes sometidos a quimioterapia.
- D) Contraindicada en pacientes a tratamento con rituximab.

76. Nas persoas expostas a movementos repetitivos con nivel de risco II, o exame específico xornal de valoración do sistema osteomuscular deberá realizarse cunha periodicidade de:

- A) Cada 2 anos.
- B) Deberán tomarse medidas correctoras.
- C) Cada ano.
- D) Cada 4 anos.

77. O Plan Xeral de Prevención de Riscos Laborais do Sergas, terá unha vixencia de:

- A) 1 ano.
- B) 2 anos.
- C) 3 anos.
- D) 5 anos.

78. Cal das seguintes respostas é FALSA segundo o recollido no artigo 6 do capítulo III do Real decreto-lei 3/2021, do 2 de febreiro, polo que se adoptan medidas para a redución da brecha de xénero e outras materias nos ámbitos da Seguridade Social e económico?:

- A) Ao persoal que preste servizos en centros sanitarios e sociosanitarios inscritos nos rexistros correspondentes que, no exercicio da súa profesión, durante a prestación de servizos sanitarios ou socio-sanitarios, contraese o virus SARS-CoV-2, dentro do período comprendido desde a declaración da pandemia internacional pola Organización Mundial da Saúde ata o levantamento polas autoridades sanitarias de todas as medidas de prevención adoptadas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo mencionado virus SARS-CoV-2, seralle recoñecida como enfermidade profesional.
- B) Os servizos de prevención de riscos laborais deberán emitir o correspondente informe onde se faga constar que no exercicio da súa profesión estivo exposto ao virus SARS-CoV-2 pola prestación de servizos sanitarios ou socio-sanitarios.
- C) Unha vez acreditado o contaxio do virus no ámbito temporal establecido no apartado 1, e achegado o informe previsto no apartado 2, presumirase, en todo caso, que o contaxio produciuse no exercicio da súa profesión na prestación de servizos sanitarios ou socio-sanitarios.
- D) A entidade responsable das devanditas prestacións será aquela que cubrise as contingencias profesionais no momento de producirse a baixa médica por contaxio da enfermidade.

79. Cal dos seguintes axentes anestésicos inhalatorios é un gas a temperatura e presión ambientais?:

- A) Sevofluorano.
- B) Desfluorano.
- C) Óxido nitroso.
- D) Halotano.

**80. Cal destes tumores é un tumor radioinducido?**

- A) Linfoma de Hodgkin.
- B) Dermatofibroma protuberans.
- C) Carcinoma primitivo de pulmón.
- D) Epitelioma basocelular cutáneo.

**81. Ante unha situación conflitiva cun paciente, sinala que pauta de actuación NON é adecuada:**

- A) escoita activa, transmitindo que se entende a súa forma de pensar.
- B) Non responder a posibles provocacións.
- C) Restar importancia ás queixas ou ás críticas.
- D) Propoñer alternativas para resolver o problema.

**82. O compromiso da arteria subclavia e potencialmente do plexo braquial no hiato escaleno posterior, explórase mediante:**

- A) Manobra de Adson.
- B) Manobra de hiperabducción.
- C) Manobra de estreitamento do espazo costoclavicular.
- D) Signo de Froment.

**83. Segundo o seu mecanismo de acción, cal dos seguintes axentes citostáticos é un axente alquilante?:**

- A) Ciclofosfamida.
- B) Fluoracilo.
- C) Metotrexato.
- D) Mitomicina.

**84. Se no exame de saúde está indicada a administración da vacina tripla vírica (TV) e a realización dunha proba de tuberculina (PT), sinala a resposta INCORRECTA en relación á súa administración:**

- A) Pódese realizar a administración simultánea de PT e vacina TV no mesmo día.
- B) Se a vacina TV se administrou recentemente, a PT debe atrasarse polo menos 4 semanas despois da vacinación.
- C) A vacina contra o sarampelo (e posiblemente as vacinas contra as paperas e a rubéola) pode suprimir transitoriamente a resposta á proba cutánea de tuberculina (PT) nunha persoa infectada con Mycobacterium tuberculosis.
- D) Administrar a vacina TV e ás 72 horas realizar a PT.

**85. Se un sanitario susceptible á varicela (VVZ) ten exposición, sen protección, cun caso confirmado de infección por VVZ, cal das seguintes afirmacións é correcta?:**

- A) Se non hai contraindicación, administrárase a vacina dentro dos 3 días (máximo 5 días) tras a exposición. Administrárase a segunda dose ás catro semanas da primeira.
- B) Se recibira unha soa dose de vacina con anterioridade, non se debe de administrar a segunda dose.
- C) Se xa recibira unha dose de vacina anteriormente, deberase administrar unha segunda dose nos primeiros 5 días tras a exposición e sempre que transcorresen menos de 3 semanas dende a primeira.
- D) Se non é posible a vacinación, retiráraselle inmediatamente do posto e poderase incorporar, sen risco, á semana da exposición.

**86. Con respecto aos mecanismos xerais de toxicidade que poden estar implicados na lesión tisular producida polos axentes anestésicos inhalatorios. Cal das seguintes opcións é FALSA?:**

- A) Agresión directa sobre as membranas celulares, alterando a súa permeabilidade.
- B) Acumulación intracelular de intermediarios reactivos en cantidades tóxicas.
- C) Formación de haptenos que poden iniciar reaccións de hipersensibilidade ou reaccións inmunitarias.
- D) Produción de metabolitos que poden unirse a elementos celulares e alterar a súa función.

**87. Se unha enfermeira traballando no servizo de Urxencias é agredida verbal e fisicamente, a actuación inclúe:**

- A) Asistencia médica no servizo de Urxencias, pero sen emitir o parte de lesións
- B) Comunicación e rexistro do incidente segundo o procedemento do plan específico para a prevención da violencia externa na área sanitaria.
- C) Non é necesario comunicalo ao superior xerárquico inmediato.
- D) Ao interpoñer a denuncia, non se pode establecer como domicilio a institución sanitaria.

**88. A agudeza visual nun traballador usuario de pantalla de visualización de datos (PVD) está influenciada por diversos factores EXCEPTO:**

- A) Afectación do campo visual.
- B) A rexión da retina.
- C) O nivel de luminancia e a calidade do contraste.
- D) A capacidade de acomodación do ollo.

**89. Cal das seguintes opcións é un criterio para ser considerada a epicondilite unha enfermidade profesional de acordo ao Real Decreto 1299/2006, do 10 de novembro?:**

- A) A presenza de factores extralaborais, como prácticas deportivas sempre exclúen o carácter profesional da enfermidade.
- B) A clínica amosa trazos diferenciais en relación á patoloxía de orixe non profesional.
- C) Nivel de exposición: Esixencia ocupacional documentada de movementos forzados ou repetitivos de membro superior ou de períodos prolongados de mantemento de brazos elevados.
- D) Na exploración a proba específica é a manobra de Yocum.

**90. Cal é a opción correcta con respecto aos riscos psicosociais de acordo co recollido na terceira edición da "Guía de axuda para a valoración do risco laboral durante o embarazo" editada polo Instituto Nacional da Seguridade Social?:**

- A) Non se poderá considerar o estrés en se mesmo como risco para o embarazo.
- B) Considerarase como traballadora nocturna á embarazada que traballe no intervalo comprendido entre as 24 e as 4 horas.
- C) Na bibliografía consultada chégase a unha conclusión determinante sobre o risco de traballo a quenda e/ou nocturno para o embarazo.
- D) Non se valorará como risco para o embarazo, o traballo en illamento (en solitario e en zona illada).

**91. Que tipo de servizo de prevención adoptou o Sergas?**

- A) Servizo mancomunado.
- B) Designación dun ou varios traballadores para levalo.
- C) Servizo de prevención alleo.
- D) Servizo de prevención propio.

92. Na realización da vixilancia da saúde inicial a unha traballadora que refire un antecedente persoal de Linfoma non Hodgkin, e que vai traballar na Central de Esterilización, na cal pode estar exposta a óxido de etileno, considerarase:

- A) Apta.
- B) Non apta temporal.
- C) Traballadora exposta.
- D) Non apta.

93. En base ao artigo 6 do R.D. 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído, o empresario, ao avaliar os riscos, prestará particular atención aos seguintes aspectos en relación á exposición do traballador ao ruído no seu posto de traballo, cal destas medidas NON se contempla ao realizar a avaliación?

- A) O nivel, o tipo e a duración da exposición, incluída a exposición ao ruído de impulsos.
- B) A avaliación de riscos e as medidas preventivas que se derivan dela, terán en conta a exposición combinada ao ruído e a calquera exposición (laboral ou extralaboral), a substancias químicas que poidan afectar a distintas partes do órgano auditivo.
- C) Redución do ruído aéreo, por exemplo, por medio de pantallas, cerramentos e recubrimentos con material acusticamente absorbente.
- D) A existencia de equipos de substitución concibidos para reducir a emisión de ruído.

94. En cal destes postos de traballo NON DEBERÁ traballar unha xestante?

- A) Instalacións con equipo de tomografía con emisión de positrons PET/ PET CT.
- B) Equipos cirúrxicos de escopia.
- C) Equipos de raios X móbiles de grafía.
- D) Radioloxía intervencionista.

95. Cal das seguintes afirmacións é certa?:

- A) A dose efectiva é a suma das doses equivalentes ponderadas en todos os tecidos e órganos do corpo procedentes de irradiacións internas e externas.
- B) A dose efectiva é a suma das doses equivalentes ponderadas en todos os tecidos e órganos do corpo procedentes de irradiacións externas.
- C) A dose equivalente é a suma das doses efectivas ponderadas en todos os tecidos e órganos do corpo procedentes de irradiacións internas e externas.
- D) A dose equivalente é a suma das doses efectivas ponderadas en todos os tecidos e órganos do corpo procedentes de irradiacións internas ao longo da vida do traballador.

96. Marque a opción INCORRECTA en relación ao sarampelo.

- A) A profilaxe posexposición (PPE) só é efectiva nas primeiras 72 horas tras a exposición.
- B) As mulleres en idade fértil deben evitar o embarazo no mes seguinte á recepción da vacina tripla vírica.
- C) A recepción da vacina triplo vírica está contraindicada nos previamente inmunes a parotidite e/ou rubéola.
- D) Non se precisa a realización de marcadores postvacunais tras dúas dose de vacina triplo vírica.

97. A dor que aparece como consecuencia dun trastorno da articulación coxofemoral localízase en:

- A) Glúteo.
- B) Cara posterior de coxa.
- C) Rexión inguinal.
- D) Xeonllo parte posterior.

98. Sinale a resposta correcta en relación aos excipientes das vacinas autorizadas pola Comisión Europea:

- A) As vacinas Comirnaty de Pfizer/ BioNTech e Vaxzevria de AstraZeneca, conteñen polisorbato 80.
- B) A vacina de Moderna contén Polietilenglicol.
- C) A vacina de Janssen/Johnson & Johnson contén Tiomersal.
- D) A vacina Vaxzevria de AstraZeneca ten como excipiente Macrogol.

99. Quen é o responsable da Prevención de Riscos Laborais no Sergas?

- A) Conselleiro de sanidade.
- B) Xerentes do Sergas.
- C) Todos os traballadores do Sergas.
- D) Mandos intermedios.

100. No Documento Técnico do Instituto de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT): "Medicamentos Perigosos. Medidas de prevención para a súa preparación e administración" para a selección dos Medicamentos Perigosos utilizados en España revisáronse os medicamentos grupos 1, 2 e 3 incluídos polo National Institute for Occupational Safety and Health (NIOSH) en 2014 e no borrador NIOSH 2016. Cal dos seguintes medicamentos NON corresponde a ningún deses grupos de medicamentos de NIOSH?:

- A) Medicamentos sensibilizantes.
- B) Medicamentos antineoplásicos.
- C) Medicamentos non antineoplásicos que cumpren polo menos un criterio da táboa 1, na que se inclúen as características a contemplar para clasificar un medicamento como perigoso.
- D) Medicamentos que presentan risco para o proceso reprodutivo e que poden afectar a homes e mulleres que están a tentar concibir de forma activa, e mulleres embarazadas ou en período de lactación, pero que non comportan risco para o resto do persoal.

#### Preguntas de reserva

1. Cal das seguintes funcións corresponde ao Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais e Condicións de Traballo do Sergas?

- A) A avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e á saúde dos profesionais.
- B) O estudo, seguimento e control da execución dos plans aprobados en materia de prevención e a implantación do sistema de xestión da prevención de riscos laborais.
- C) A planificación da actividade preventiva e a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas e a vixilancia da súa eficacia.
- D) A información e formación dos traballadores, nos termos previstos nos artigos 18 e 19 da Lei 31/95.

2. Cal das seguintes unidades non forma parte da estrutura e instrucións para cubrir o documento de avaliación de riscos laborais en centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde?:

- A) Ficha "Posto de traballo" (PTR).
- B) Ficha "Avaliación global" (AVA)
- C) Ficha "Accións técnicas propostas" (ATP).
- D) Ficha "Responsables da avaliación" (RAV).

3. Que dermatoses aparecen con máis frecuencia dentro do ámbito laboral?

- A) Infeccións.
- B) Dermatite de contacto por irritante.
- C) Dermatite de contacto por alérxeno.
- D) Acne ocupacional.

4. A aparición de dor durante a realización da manobra do Signo do mango de bombeo é indicativo de:

- A) Bursite trocantérea.
- B) Lesións do músculo glúteo mediano.
- C) Alteración das sacroilíacas.
- D) Osteopatía dinámica da pube.

5. Se no exame de saúde detéctase que o traballador ten unha vacinación incompleta fronte a tétanos, cal das seguintes actuacións NON estaría indicada?:

- A) Non se debe reiniciar a pauta de vacinación.
- B) Posteriormente á primovacunación administraranse 5 dose de recordo.
- C) Se só ten a 1ª dose, administrarase a 2ª dose cun intervalo entre ambas polo menos de 4 semanas.
- D) Contabilizarase calquera dose administrada previamente e completarse a pauta de primovacunación ata as 3 doses.

6. Denomínase Zona Controlada aquela na que exista a posibilidade de recibir doses efectivas superiores a 6 mSv por ano oficial ou unha dose equivalente superior a 3/10 dos límites de dose equivalente para o cristalino, a pel e as extremidades; ou ben, aquela zona na que sexa necesario seguir procedementos de traballo con obxecto de restrinxir a exposición á radiación ionizante, evitar a dispersión de contaminación radioactiva ou previr ou limitar a probabilidade e magnitude de accidentes radiolóxicos ou as súas consecuencias. Se subdivide en:

- A) Zona de Permanencia Limitada.
- B) Zona de Permanencia Ilimitada.
- C) Zona de Acceso Prohibido.
- D) Son certas A e C.

7. Que proba ou signo mide o grao de flexibilidade da columna vertebral lumbar?

- A) Proba de Lasegue.
- B) Proba de Bragard.
- C) Signo de Schöover.
- D) Proba talón punteira.

8. De acordo co recollido no protocolo de vixilancia sanitaria específica para os/as traballadores/as expostos/as a axentes anestésicos inhalatorios, a documentación clínica correspondente aos/ás traballadores/as expostos/as, conservarase polo menos:

- A) 10 anos tras a última exposición.
- B) 20 anos tras a última exposición.
- C) 30 anos tras a última exposición.
- D) 40 anos tras a última exposición.

9. Cal destes test clínicos é máis fiable no diagnóstico da síndrome do túnel carpiano?

- A) Test de Phalen.
- B) Signo de Finkelstein.
- C) Signos de Lasegue.
- D) Compresión do pulso cos polgares.

10. Cal destes metais produce sensibilización, irritación e úlceras por contacto repetido co mesmo?

- A) Cromo.
- B) Níquel.
- C) Cobalto.
- D) Chumbo.